

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO
22 DE AGOSTO DE 2024

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **trece horas e trinta minutos do xoves 22 de agosto de 2024** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Luis Antonio Pérez Barral o 19-08-2024*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar **pleno extraordinario**.

A celebración do pleno adopta a modalidade de **"presencial"** según Decreto de Alcaldía de data 19 de agosto de 2024

Partido Popular (PP)
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez.
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro, <i>asiste telemáticamente</i>
8.-Carmen Pérez Gómez.
9.-Eladio Muñiz Muñiz
10.-Juan María Brión Santamaría
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antia Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón.
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-Maria Herminia Pouso Maneiro
3.-Juan Luis Furones Ramos
4.-Tania Redondo Fernández
5.-Fernando Abrales Pérez
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario en funcións** deste Concello, **D. José Martínez de Llano Orosa**, que dá fe do acto, e polo **Sr.Interventor** do mesmo. **D. Pablo Bao Castro**.

ORDE DO DÍA

**1.-TOMA DE POSESIÓN DE DNA. JUANA MARÍA BRIÓN SANTAMARÍA
CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024 LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



VISTO que con data 14 de xuño de 2024 (rex nº 15489) presentouse a renuncia expresa por **D. Rubén Lijó Santos**, (GM PP) ao cargo de Concelleiro, do cal tomou posesión en data 7 de xullo de 2023, tras as eleccións de 28 de maio de 2023, renuncia que foi posta en coñecemento do Pleno da Corporación na Sesión Ordinaria realizada o día 29 de xullo de 2024.

VISTO que con data 14 de agosto de 2024 recibíuse da Xunta Electoral Central a credencial acreditativa da condición de electa a favor da candidata á que corresponde cubrir a vacante producida, en concreto na figura de **Dña JUANA MARÍA BRIÓN SANTAMARÍA**.

ACREDITADO que **Dña JUANA MARÍA BRIÓN SANTAMARÍA** cumpreu previamente coas obrigas establecidas na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e na da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, en concreto coa obrigación de declarar sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, xunto cunha declaración dos seus bens patrimoniais.

CONSIDERANDO os artigos 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral, o artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, o artigo 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas e a Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais.

1- O Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros:

Aceptar a toma de posesión de **Dña. JUAN MARÍA BRIÓN SANTAMARÍA** (GM PP) do cargo de Concelleira do Concello de Ribeira en substitución de D. Rubén Lijó Santos, tras a renuncia voluntaria deste.

E para iso e cumprindo co procedemento legalmente establecido, o Sr. alcalde-presidente insta a **Dña. JUANA MARÍA BRIÓN SANTAMARÍA** que preste a fórmula de toma de posesión (**REAL DECRETO 707/1979, DE 5 DE ABRIL, POR EL QUE SE DETERMINA LA FÓRMULA DE JURAMENTO O PROMESA PARA LA TOMA DE POSESIÓN DE CARGOS O FUNCIONES PÚBLICAS**).

A Sra. Brión Santamaría utiliza a seguinte fórmula:

"XURO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FELMENTE O CARGO DE CONCELLEIRA DO CONCELLO DE RIBEIRA CON LEALDADE Ó REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO, ASÍ COMO O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA"

A continuación, o Sr. alcalde-presidente pronuncia unhas palabras de benvida.

Tras a toma de posesión como Concelleira incorpórase ó seu escaño a Sra. **Dña. JUANA MARÍA BRIÓN SANTAMARÍA**, sendo felicitado por todos/as os concelleiros/as da Corporación.

2.-DETERMINACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2024

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo de data 19 de agosto de 2024 do seguinte tenor literal:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



“**VISTO** que corresponde concretar por esta Corporación as datas concretas de dos dous días festivos de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2025, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo.

Por medio da presente,

PROPONSE á Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, emita ditame favorable sobre a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro:-Establecer como días festivos de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2025 os seguintes:

-Día 4 de Marzo de 2025: Martes de Entroido

-Día 24 de xullo de 2025 (xoves): Festividade da Dorna.

Segundo:-Remitir o presente acordo á Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería de Economía,Emprego e Industria para a súa constancia e efectos.

Terceiro:-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo”.

Asemade dase conta da seguinte **emenda** presentada con data 20 de agosto de 2024 polo **Grupo Municipal do PBBI** e no seu nome por **D. Vicente Mariño de Bricio**, do seguinte tenor literal:

Vicente Mariño de Bricio con DNI: 52456748G, en calidad de portavoz del Partido Barbanza Independiente (PBBI) presenta al pleno de la corporación municipal de Ribeira la siguiente enmienda de sustitución a lo solicitado en el punto en relación a la propuesta de festivos locales para el año 2025.

El Partido Barbanza Independiente (PBBI) propone al pleno de la corporación la siguiente enmienda de sustitución de festivos locales para el año 2025.

-Festivo local : Martes de Entroido , 4 de Marzo de 2025

-Festivo local : Fiesta patronal de Sta Uxia de Ribeira, 12 de Septiembre de 2025”

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE MARTINEZ DE LLANO ROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04



Igualmente dase conta da seguinte **emenda** presentada con data 21 de agosto de 2024 polo **Grupo Municipal do PP** e no seu nome por **Dna. María José Sampedro Fernández**, do seguinte tenor literal:

María J. Sampedro, con DNI 53484719-J en calidade de voceira do Grupo Municipal do Partido Popular en Ribeira, presenta a seguinte emenda de substitución ao punto 2 da orde do día sobre os festivos locais para o ano 2025.

Emenda de substitución ao punto 2.1.:

1.-Establecer como días festivos de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2025 os seguintes:

*-Día 24 de xullo de 2025 (xoves): Festividade da Dorna
-Día 12 de setembro de 2025 (venres): Día de Santa Uxía"*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, así como as emendas presentadas polo GM do PBBI e polo Grupo Municipal do PP, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, en cumprimento do disposto no artigo 116.1.e do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira sómese a votación ordinaria en primeiro lugar a **emenda presentada polo grupo municipal do PBBI**, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 3 PBBI (Sr Mariño de Bricio, Sra, Pouso Maneiro e Sr. Abrales Pérez)
-VOTOS EN CONTRA: 17 (1 PBBI, 5 BNG, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)
-ABSTENCIÓNS: 1 PBBI (Sra. Redondo Fernández)

En consecuencia, **ó ser rexeitada** a emenda do grupo municipal do PBBI, sómese a continuación a votación ordinaria **emenda presentada polo grupo municipal do PP**, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (10 PP, 1 PBBI: Sr. Abrales Pérez)
-VOTOS EN CONTRA: 7 (5 BNG, 1 Ps de G-Psoe, 1 PBBI: Sr. Furones Ramos)
-ABSTENCIÓNS: 3 PBBI (Sr. Mariño de Bricio, Sra . Puso Maneiro, Sra. Redondo Fernández)



En consecuencia, o Pleno da Corporación, aproba por **maioría absoluta** dos seus membros a emenda presentada polo Grupo Municipal do PP sobre o ditame da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo de data 19 de agosto de 2024 sobre **DETERMINACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2024**, e, en consecuencia aproba:

Primeiro:--Establecer como días festivos de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2025 os seguintes:

-Día 24 de xullo de 2025 (xoves): Festividade da Dorna
-Día 12 de setembro de 2025 (venres): Día de Santa Uxía”

Segundo:--Remitir o presente acordo á Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería de Economía,Emprego e Industria para a sua constancia e efectos.

Terceiro:--Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posibel para garantir a plena efectividade do presente acordo”.

3.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2024, 2ª FASE, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de agosto de 2024 do seguinte tenor literal:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024 distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	420.278,07€

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE MARTINEZ DE LLANO ROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04



B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles <u>SI</u> incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	
TOTAL				

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
PAVIMENTACIÓN RÚA CASTELAO (AGUIÑO)	107.937,92€	71.574,28€	0,00	0,00	179.512,20€
TOTAL	107.937,92€	71.574,28€	0,00	0,00	179.512,20€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024		Concello	

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE MARTINEZ DE LLANO ROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04



2ª FASE	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	420.278,07€				420.278,07€
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	107.937,92€	71.574,28€	0,00	0,00	179.512,20€
TOTAL	528.215,99	71.574,28€	0,00	0,00	599.790,27€

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, agás as necesarias para a realización das obras do seguinte proxecto:

- **Proxecto:** PAVIMENTACIÓN DA RÚA CASTELAO (AGUIÑO), para o que é necesario solicitar a correspondente autorización do organismo autonómico competente en materia de Costas (Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial de A Coruña..

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
 JOSE MARTINEZ DE LLANO ROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
 LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
 Fecha: 02/10/2024
 Hora: 16:04



total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de agosto de 2024, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros de dereito aprobalo ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de agosto de 2024 sobre **SOLICITUDE DE ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRÚIDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES, PARA OS INCREMENTOS NO PROXECTO DE RECONSTRUCCIÓN E AMPLIACIÓN DUN INMOBLE EMPRAZADO NA RÚA DE GALICIA, Nº 93, RIBEIRA, PARA DESTINALO A EDIFICIO ADMINISTRATIVO, USOS MÚLTIPLES E BIBLIOTECA MUNICIPAL** e en consecuencia aproba:

PRIMEIRO:- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE MARTINEZ DE LLANO ROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04



A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	420.278,07€

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles <u>SI</u> <u>incluídos no Plan Complementario</u> ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
			(só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)		
TOTAL					

Investimentos sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
PAVIMENTACIÓN RÚA CASTELAO (AGUIÑO)	107.937,92€	71.574,28€	0,00	0,00	179.512,20€
TOTAL	107.937,92€	71.574,28€	0,00	0,00	179.512,20€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE MARTINEZ DE LLANO ROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04



C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	420.278,07€				420.278,07€
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	107.937,92€	71.574,28€	0,00	0,00	179.512,20€
TOTAL	528.215,99	71.574,28€	0,00	0,00	599.790,27€

SEGUNDO:- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, agás as necesarias para a realización das obras do seguinte proxecto:

- **Proxecto:** PAVIMENTACIÓN DA RÚA CASTELAO (AGUIÑO), para o que é necesario solicitar a correspondente autorización do organismo autonómico competente en materia de Costas (Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial de A Coruña..

TERCEIRO:- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

CUARTO:- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO:- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE MARTINEZ DE LLANO ROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04



detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO:- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO:- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**4.-PROPOSICIÓN DE URXENCA PRESENTADA POLA ALCALDÍA
“CONSTITUIR E ADHERIRSE Á ASOCIACIÓN COMUNIDADE ENERXÉTICA DE
RIBEIRA”.**

Ao abeiro do disposto no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta dunha proposición da Alcaldía do seguinte tenor literal:

PROPOSICIÓN DE URXENCIA:

ASUNTO: CONSTITUIR E ADHERIRSE Á ASOCIACIÓN “COMUNIDADE ENERXÉTICA DE RIBEIRA”

LUÍS ANTONIO PÉREZ BARRAL, Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira, no uso das facultades que lle confire o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, efectúa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO DA CORPORACIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- A Unión Europea comprometeuse coa descarbonización do seu mercado enerxético e propón, entre outras medidas, unha multiplicación das fontes de produción de enerxías renovables e un maior protagonismo dos consumidores finais.

2.- No Diario Oficial de Galicia do 27 de decembro de 2023, Núm. 244, publicouse Resolución do 14 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas (Código IN418E).

A devandita Resolución aproba as bases reguladoras da concesión de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas no ano 2024 e convoca a todos aqueles interesados en solicitálas.

A citada convocatoria de axudas ten como finalidade impulsar e desenvolver a figura das Comunidades Enerxéticas, establecendo como proxectos subvencionables:

“Artigo 2. Proxectos subvencionables Son proxectos subvencionables as actuacións que se detallan a continuación en función da tipoloxía da solicitante:

...

b) Planificación enerxética de comunidades enerxéticas constituídas ou en fase de constitución:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE MARTINEZ DE LLANO ROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



Contratación dos servizos de asistencia técnica e/ou xurídica precisos para a definición das infraestruturas enerxéticas necesarias e a definición, elaboración ou ampliación dos estatutos que rexen ou rexerán a operativa e xestión da comunidade enerxética a partir da súa constitución. Co obxecto de contribuir á sostibilidade da comunidade enerxética esta deberá dispor dun estudo de viabilidade económica en que se avalíen cando menos os investimentos que se vaian realizar, o financiamento destes, os custos operativos e os ingresos previstos nun horizonte temporal mínimo de 10 anos. Serán subvencionables os custos do estudo de viabilidade económica e tamén os custos de actuacións de difusión para a captación de socios. Como resultado debe obterse:

- De ser o caso, estatutos e acta de constitución da comunidade enerxética.*
- Anteproxecto das infraestruturas enerxéticas previstas.*
- Estudo de viabilidade económica da comunidade enerxética.*
- Cando proceda, memoria descritiva das actuacións de difusión.*

3.- Con motivo de concorrer á devandita subvención a Alcaldía ditou resolución de data 14 de maio de 2024, polo que se acordou:

“PRIMEIRO.- *Consonte o establecido no artigo 9.4 parágrafo da catro da Resolución do 14 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas (Código IN418E) SOLICITAR A AXUDA E ACEPTAR AS BASES DA CONVOCATORIA.*

SEGUNDO.- *Que o CONCELLO DE RIBEIRA se atribúa as facultades de representación necesarias respecto da COMUNIDADE ENERXÉTICA LOCAL DE RIBEIRA (pendente de constitución), e no seu nome D. Luís Antonio Pérez Barral, para que en relación ao procedemento IN418E exerza as seguintes facultades: facilitar a práctica de cantas actuacións sexan precisas para a instrución do expediente, achegar cantos datos e documentos se soliciten ou foran de interese, recibir todo tipo de comunicacións, formular peticións e solicitudes, presentar escritos e alegacións, manifestar a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos no correspondente trámite de audiencia ou renunciar a outros dereitos, subscribir dilixencias e outros documentos que poida realizar o órgano competente e, en xeral, realizar cantas actuacións correspondan a/aos representado/s no curso do devandito procedemento.*

TERCEIRO.- *Establecer a posibilidade, baixo o principio de participación aberta e voluntaria, de que calquera posible interesado, ademais do Concello de Ribeira, poida adherirse ao presente acordo marco de colaboración, baixo as premisas expostas na presente resolución, coa finalidade de participar como socio ou membro na futura COMUNIDADE ENERXÉTICA LOCAL DE RIBEIRA (pendente de constitución).”*

4.- En data 14 de maio de 2024 o Concello de Ribeira presentou no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia a solicitude núm. IN 418E-24A98 do procedemento IN418E - SUBVENCIONES PARA PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA, DE ENTIDADES LOCAIS E COMUNIDADES ENERXÉTICAS.

5.- A constitución dunha comunidade enerxética responde a unha utilidade pública cun interese xeral por diferentes razóns:

- Fomento da participación cidadá na transición enerxética.
- Fomento do uso de enerxías renovables fronte aos combustibles fósiles.
- Cumprimento dos compromisos de redución de emisións de CO2 á atmosfera asumidos a nivel local por mor da adhesión do municipio ao Pacto das Alcaldías pola Enerxía e o Clima.
- Establecemento de mecanismos para loitar contra a pobreza enerxética.



6.- As comunidades enerxéticas presentan numerosas vantaxes, entre as que cabe salientar:

- Proporcionan aos cidadáns un acceso xusto e fácil a recursos locais de enerxía renovable e outros servizos enerxéticos ou de mobilidade, podendo beneficiarse de investimentos nos mesmos.
- Os usuarios poderán tomar o control e terán unha maior responsabilidade para o auto-provisión das súas necesidades enerxéticas.
- Créanse oportunidades de investimento para cidadáns e negocios locais.
- Ofrecer ás comunidades a posibilidade de crear ingresos que se xeran e permanecen na propia comunidade local, aumentando a aceptación do desenvolvemento de enerxías renovables locais.
- Facilitar a integración de enerxías renovables no sistema a través da xestión da demanda.
- Os principais beneficios da constitución dunha comunidade enerxética son tanto de tipo ambiental como socio-económico:

1. Beneficio ambiental

As comunidades enerxéticas impulsan o consumo dunha enerxía limpa e renovable. Non emiten emisións contaminantes e contribúen a paliar os efectos do cambio climático.

A redución das emisións e a substitución de enerxías por renovables fixadas para 2030 deben cumprirse e aquí é onde entran en xogo as comunidades enerxéticas, supondo un importante cambio no proceso de transición enerxética no noso país e no resto do mundo. Por iso, as enerxías renovables e a eficiencia enerxética que se utilizan nestas Comunidades teñen esa implicación de “tecnoloxías limpas” que van xerar calor e/ou electricidade sen usar combustibles fósiles e contaminantes.

2. Beneficio socio-económico

Facilitan a integración de enerxías renovables no sistema a través da xestión da demanda.

Foméntase a creación de emprego e estímúlase o desenvolvemento de negocios locais relacionados directa ou indirectamente co sector das renovables.

Engádese un valor adicional a nivel local, ofrecendo a posibilidade de promover novos investimentos na comunidade.

Gran mellora das condicións de vida nas zonas urbanas e rurais.

Maior cohesión social.

7.- A propia definición de comunidade de enerxías renovables que se ofrece no artigo 6.1.j da Lei 24/2013, do Sector Eléctrico, habilita ás "autoridades locais" a participar, citándoas expresamente como posibles socios o membros das mesmas.

8.- Demostrouse que a fórmula de Asociación sen Ánimo de Lucro é a forma xurídica que mellor encaixa na creación dunha Comunidade Enerxética Local, que terá as seguintes funcións, segundo resulta dos Proxecto de Estatutos que se pretende aprobar:

“A) Os fins principais desta Asociación son:

- 1. Contribuír á sustentabilidade enerxética promovendo a produción e o consumo de enerxía renovable por parte dos veciños, pequenas e medianas empresas e Administración Local do Concello de Ribeira.*
- 2. Promover e fomentar estratexias para reducir as emisións con efecto invernadoiro e xerar enerxías limpas para o autoconsumo, a través da participación e concienciación no proceso de transición enerxética de todos os sectores sociais, económicos e culturais do Concello de Ribeira.*
- 3. Proporcionar beneficios medioambientais, económicos e/ou sociais aos seus membros, máis que ganancias financeiras.*
- 4. Promover e fomentar a creación de comunidades enerxéticas, tal como se recollen no Real Decreto-lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de*

FIRMANTE - FECHA

JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE -
02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33



enerxía e en outros ámbitos para a reactivación económica e na Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

5. Promover a conciencia cidadá na cultura da sustentabilidade enerxética e a implicación das administracións públicas, en particular no eido local, no desenvolvemento de políticas públicas precisas para o seu desenvolvemento.

6. Promover a descarbonización, mediante a implantación de enerxías renovables, a produción ecolóxica, o consumo responsable e o consumo de produtos locais.

7. Contribuír a evitar situacións de vulnerabilidade enerxética.

8. Fomentar a redución do uso de vehículos a motor, substituídos por medios de transporte e desprazamento sostíbeis, e promover o uso compartido de recursos, espazos e máquinas.

9. Promover a construción baseada na eficiencia enerxética.

10. Promover a realización de estudos de investigación e desenvolvemento.

11. Promover a implantación de instalacións fotovoltaicas que poidan ser explotadas en réxime de autoconsumo compartido.

12. Incorporar progresivamente iniciativas relacionadas coa xeración de enerxía renovable por medio de outras fontes diferentes da enerxía fotovoltaica, coa mobilidade sustentable, coas relacionadas coas enerxías térmicas, coa eficiencia enerxética e a xestión da demanda.

13. Executar as actividades apropiadas co obxectivo de acadar o 100% de electricidade de orixe renovable no consumo nas vivendas e locais dos membros da asociación.

B) Para o cumprimento dos fins descritos a Asociación poderá levar a cabo as seguintes actividades:

1. Acadar acordos con terceiros, públicos ou privados, para poder ocupar solo ou superficies dos edificios públicos ou privados co obxectivo de executar neles instalacións fotovoltaicas que xeren e subministren enerxía ás vivendas e locais dos asociados.
2. Executar instalacións fotovoltaicas naqueles edificios públicos ou privados que resulten máis idóneos para a xeración de enerxía verde e o seu aproveitamento en réxime de autoconsumo compartido.
3. Executar proxectos relacionados coa xeración de enerxía renovable por medio doutras fontes diferentes da enerxía fotovoltaica, coa mobilidade sostíbeis, coas enerxías renovables térmicas, coa eficiencia enerxética e coa xestión da demanda.
4. Acadar acordos con empresas que comercialicen enerxía para determinar as condicións de subministración de enerxía 100% renovable aos seus asociados para as necesidades de subministración non cubertas pola xeración da instalación/s fotovoltaica/s.
5. Promover actividades de formación dos veciños en favor dun consumo de enerxía xerada nunha contorna de proximidade, local e sostíbeis.
6. Promover iniciativas para facer fronte a situacións de vulnerabilidade enerxética.
7. Cooperar e colaborar con outras Comunidades Enerxéticas Locais que compartan os mesmos fins para promover a transición enerxética a escala local e cidadá mediante iniciativas conxuntas e intercambios de experiencias.
8. Cooperar e colaborar coas institucións privadas e públicas no deseño, execución e avaliación de políticas sectoriais e programas de actuación.
9. Adquirir, posuír e dispoñer de bens de todas clases e por calquera título, así como celebrar actos, contratos e negocios xurídicos de todo xénero para o cumprimento das finalidades asociativas. A aceptación de herdanzas e legados farase, en todo caso, a beneficio de inventario.

Sen prexuízo das actividades descritas no apartado anterior, a Asociación, para o cumprimento dos seus fins poderá:

- Desenvolver calquera outra actividade encamiñada á realización dos seus fins ou a achegar recursos con ese obxectivo con exclusión daquelas que supoñan unha



actividade comercial e, en particular, daquelas que supoñan a oferta de bens e/o servizos no mercado.

- Adquirir e posuír bens de todas clases e por calquera título, así como celebrar actos e contratos de todo xénero.

- Exercitar toda clase de accións conforme as Leis ou aos seus Estatutos.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.”

9.- Visto o informe xurídico emitido pola secretaría xeral do Concello con data 29 de xullo de 2024.

CONSIDERANDO:

1.- Que a participación na Asociación “Comunidade Enerxética de Ribeira” non supón exercicio de actividade económica por parte deste Concello, de conformidade co informe de Secretaría, que razoa:

“Planiéxase a constitución dunha comunidade enerxética local co fin da realización de autoconsumos colectivos coa instalación de placas fotovoltaicas en cubertas cedidas polo Concello á referida Asociación (Comunidade Enerxética) da que formarán parte o propio Concello, particulares e pemes.

O Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica establece no seu artigo 4 as modalidades en que se pode desenvolver o autoconsumo:

- Modalidade de subministración con autoconsumo sen excedentes

- Modalidade de subministración con autoconsumo con excedentes

- Modalidade con excedentes acollida a compensación

- Modalidade con excedentes non acollida a compensación

No presente caso propónse a modalidade de autoconsumo colectivo con excedentes acollida a compensación.

No marco destas modalidades, a elección dunha ou outra ten implicacións na consideración de se a actividade é ou non unha ACTIVIDADE ECONÓMICA.

Na modalidade de autoconsumo con excedentes acollida a compensación non nos atopamos ante o exercicio dunha ACTIVIDADE ECONÓMICA ao fallar un dos elementos esenciais que deben darse e é que a actividade de produción de enerxía non vai intervir no mercado, en tanto que da enerxía producida unicamente se van poder beneficiar os asociados da asociación; é dicir, os excedentes de enerxía non se van a vender, non se van a comercializar, senón que van ser obxecto de compensación.

Así se establece expresamente no artigo 14 do referido Real Decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica:

“1. De acordo con o previsto no artigo 9.5 e co artigo 24.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, defínese o contrato de compensación de excedentes como aquel subscrito entre o produtor e o consumidor asociado acollidos á modalidade de autoconsumo con excedentes acollida a compensación, para o establecemento dun mecanismo de compensación simplificada entre os déficits dos seus consumos e a totalidade dos excedentes das súas instalacións de xeración asociadas. En virtude do previsto no artigo 25.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, esta modalidade de contrato estará excluída do sistema de ofertas.

O contrato de compensación de excedentes dos suxeitos que realicen autoconsumo colectivo, utilizará os criterios de repartición, no seu caso coincidentes cos comunicados á empresa distribuidora, de acordo co establecido no artigo 4.3.



...

1. De acordo con o previsto no artigo 9.5 e co artigo 24.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, defínese o contrato de compensación de excedentes como aquel subscrito entre o produtor e o consumidor asociado acollidos á modalidade de autoconsumo con excedentes acollida a compensación, para o establecemento dun mecanismo de compensación simplificada entre os déficits dos seus consumos e a totalidade dos excedentes das súas instalacións de xeración asociadas.”

A enerxía producida por un ou varios dos asociados (dependendo do sistema de conexión) será autoconsumida e/o obxecto de compensación para todos os asociados, beneficiándose o conxunto do colectivo.

As características que deben darse para estar ante unha actividade económica son as seguintes:

- A ordenación por conta propia dos medios de produción e recursos humanos.
- Coa finalidade de producir, distribuír bens e/o prestar servizos no mercado respondendo a unha necesidade sentida nese mercado.
- A cambio dun prezo obténdose unha renda.

No suposto que nos ocupa non se vai a realizar, como xa se indicou, actividade de distribución, de venda.”

Por canto antecede e previa declaración da urxencia ao abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. Constituír e Adherirse á Asociación “Comunidade Enerxética de Ribeira” que se constitúe como unha Asociación sen ánimo de lucro, acolléndose ao disposto na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

Segundo. Aprobar os Estatutos que deben rexer a Asociación, réxime interno e actividade, que figuran como anexo a este acordo.

Terceiro. Facultar ao Alcalde Presidente ou persoa en quen delegue a subscrición de cuantos documentos sexan necesarios para o cumprimento dos acordos citados.

ANEXOS: 1.-Modelo de Estatutos Comunidade Enerxética de Ribeira

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN “COMUNIDADE ENERXÉTICA DE RIBEIRA”.

CAPÍTULO I.- DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1.- Denominación e natureza.

Coa denominación de Asociación “Comunidade Enerxética de RIBEIRA, constitúese a presente organización de natureza asociativa, sen ánimo de lucro, democrática, independente, asemblearia, transparente, con funcionamento plural, de participación aberta, voluntaria e autónoma, co obxecto de contribuír á sustentabilidade enerxética promovendo a produción e o consumo de enerxía renovable por parte do veciños, empresas e Administración Local do Concello de RIBEIRA; ao abeiro do artigo 22 da Constitución Española, que se rexerá polas normas destes estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación aplicable.

Artigo 2.- Personalidade e capacidade.

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04



A Asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Domicilio

A asociación establece o seu domicilio social na rúa _____, nº _____, planta _____, localidade _____, C.P. _____, concello _____, teléfono _____, correo electrónico _____, páx. Web _____.

Artigo 4. Ámbito de actuación

O ámbito territorial no que a Asociación vai a desenvolver principalmente as súas actividades é o Concello de RIBEIRA.

Artigo 5. Duración

A Asociación constitúese por tempo indefinido e rexeráse segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6 Fins.-

A) Os fins principais desta Asociación son:

1. Contribuír á sustentabilidade enerxética promovendo a produción e o consumo de enerxía renovable por parte dos veciños, pequenas e medianas empresas e Administración Local do Concello de RIBEIRA.
2. Promover e fomentar estratexias para reducir as emisións con efecto invernadoiro e xerar enerxías limpas para o autoconsumo, a través da participación e concienciación no proceso de transición enerxética de todos os sectores sociais, económicos e culturais do Concello de RIBEIRA.
3. Proporcionar beneficios medioambientais, económicos e/ou sociais aos seus membros, máis que ganancias financeiras.
4. Promover e fomentar a creación de comunidades enerxéticas, tal como se recollen no Real Decreto-lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e en outros ámbitos para a reactivación económica e na Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.
5. Promover a conciencia cidadá na cultura da sustentabilidade enerxética e a implicación das administracións públicas, en particular no eido local, no desenvolvemento de políticas públicas precisas para o seu desenvolvemento.
6. Promover a descarbonización, mediante a implantación de enerxías renovables, a produción ecolóxica, o consumo responsable e o consumo de produtos locais.
7. Contribuír a evitar situacións de vulnerabilidade enerxética.
8. Fomentar a redución do uso de vehículos a motor, substituídos por medios de transporte e desprazamento sostibles, e promover o uso compartido de recursos, espazos e máquinas.
9. Promover a construción baseada na eficiencia enerxética.
10. Promover a realización de estudos de investigación e desenvolvemento.
11. Promover a implantación de instalacións fotovoltaicas que poidan ser explotadas en réxime de autoconsumo compartido.
12. Incorporar progresivamente iniciativas relacionadas coa xeración de enerxía renovable por medio de outras fontes diferentes da enerxía fotovoltaica, coa mobilidade sustentable, coas relacionadas coas enerxías térmicas, coa eficiencia enerxética e a xestión da demanda.
13. Executar as actividades apropiadas co obxectivo de acadar o 100% de electricidade de orixe renovable no consumo nas vivendas e locais dos membros da asociación.

B) Para o cumprimento dos fins descritos a Asociación poderá levar a cabo as seguintes actividades:

10. Acadar acordos con terceiros, públicos ou privados, para poder ocupar solo ou superficies dos edificios públicos ou privados co obxectivo de executar neles instalacións fotovoltaicas que xeren e subministren enerxía ás vivendas e locais dos asociados.
11. Executar instalacións fotovoltaicas naqueles edificios públicos ou privados que resulten máis idóneos para a xeración de enerxía verde e o seu aproveitamento en réxime de autoconsumo compartido.
12. Executar proxectos relacionados coa xeración de enerxía renovable por medio doutras fontes diferentes da enerxía fotovoltaica, coa mobilidade sostible, coas enerxías renovables térmicas, coa eficiencia enerxética e coa xestión da demanda.



13. Acadar acordos con empresas que comercialicen enerxía para determinar as condicións de subministración de enerxía 100% renovable aos seus asociados para as necesidades de subministración non cubertas pola xeración da instalación/s fotovoltaica/s.
14. Promover actividades de formación dos veciños en favor dun consumo de enerxía xerada nunha contorna de proximidade, local e sostible.
15. Promover iniciativas para facer fronte a situacións de vulnerabilidade enerxética.
16. Cooperar e colaborar con outras Comunidades Enerxéticas Locais que compartan os mesmos fins para promover a transición enerxética a escala local e cidadá mediante iniciativas conxuntas e intercambios de experiencias.
17. Cooperar e colaborar coas institucións privadas e públicas no deseño, execución e avaliación de políticas sectoriais e programas de actuación.
18. Adquirir, posuír e dispoñer de bens de todas clases e por calquera título, así como celebrar actos, contratos e negocios xurídicos de todo xénero para o cumprimento das finalidades asociativas. A aceptación de herdanzas e legados farase, en todo caso, a beneficio de inventario.

Sen prexuízo das actividades descritas no apartado anterior, a Asociación, para o cumprimento dos seus fins poderá:

- Desenvolver calquera outra actividade encamiñada á realización dos seus fins ou a achegar recursos con ese obxectivo con exclusión daquelas que supoñan unha actividade comercial e, en particular, daquelas que supoñan a oferta de bens e/o servizos no mercado.
- Adquirir e posuír bens de todas clases e por calquera título, así como celebrar actos e contratos de todo xénero.
- Exercitar toda clase de accións conforme as Leis ou aos seus Estatutos.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II.- DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7. Requisitos.

1. Para adquirir a condición de persoa asociada requírese ser persoa física ou xurídica, pública ou privada, e ter interese no desenvolvemento dos fins da asociación.
2. As persoas físicas deben ser maiores de idade ou menores emancipadas con capacidade de obrar e non estar suxeitas a inhabilitación ou condición legal para o exercicio do dereito.
3. As persoas menores de máis de 14 anos non emancipadas necesitan o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.
4. As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán o acordo expreso do seu órgano competente, e as de natureza institucional, o acordo do seu órgano reitor; designando a persoa que por eles actúe.

Artigo 8. Admisión.

As persoas que queiran ser socias manifestarán o seu desexo de formaren parte da Asociación e serán admitidas pola Xunta Directiva, que estará obrigada a declarar procedente a admisión de todas aquelas que o soliciten e cumpran os requisitos recollidos no artigo anterior. A Asemblea Xeral ordinaria será informada da incorporación das novas persoas asociadas e deberá ratificar o acordo da Xunta Directiva referido ás novas admisións.

Artigo 9. Clases de persoas asociadas

Dentro da Asociación poderán existir as seguintes clases de persoas asociadas:

- a) Fundadoras, aquelas que subscribiron a acta fundacional.
- b) De número, aquelas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c) De honra, aquelas que, polos seus méritos persoais ou profesionais ou por ter contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da Asociación, sexan nomeadas pola Asemblea Xeral.

Artigo 10. Perda da condición de persoa asociada

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA	
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024	
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024	
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33	

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04



1. A condición de persoa asociada pérdese:

- a) Por vontade propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a Xunta Directiva e dirixida a secretaria da Asociación. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación.
- b) Por falta de pagamento de cinco cotas, que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola Xunta Directiva, a persoa interesada.

A persoa que perdese a súa condición de asociada polo suposto sinalado no apartado anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se no prazo de seis meses desde a notificación abonase as cotas pendentes de pago.
- c) Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da Asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación.
- d) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.- A expulsión de persoas asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 11. Dereitos

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da Asociación.
- b) Gozar dos beneficios e dereitos que lles correspondan como integrantes da Asociación.
- c) Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.
- d) Participar nas Asembleas con voz e voto.
- e) Recibir información da composición dos órganos de representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- f) Acceder á documentación da Asociación a través dos órganos de representación.
- g) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- h) Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais.

3. As persoas asociadas de honra non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación desta; poderán asistir ás Asembleas con voz, pero sen voto; e estarán exentas de obrigas.

Artigo 12. Obrigas

Son obrigas das persoas asociadas:

- a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Asociación.
- b) Pagar as cotas que de conformidade cos estatutos, se establezan.
- c) Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para as que foron elixidas.
- d) Asistir ás Asembleas e demais actos organizados pola Asociación.

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024 LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04



CAPÍTULO III.- DOS ÓRGANOS DIRECTIVOS E ASEMBLEAS.

Artigo 13. Organización da asociación

O órgano de goberno da asociación é a Asemblea xeral e o órgano de representación é a Xunta Directiva, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

Artigo 14. Asemblea xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e está integrada por todas as persoas asociadas.

Artigo 15. Reunións: clases e convocatoria

1. As reunións da Asemblea Xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias.

A reunión ordinaria celebrarase como mínimo unha vez o ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico.

As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou cando o soliciten por escrito o 10% das persoas asociadas.

2. As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea en primeira convocatoria debe mediar como mínimo un prazo de quince días naturais.

3. A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día estará a disposición das persoas asociadas na secretaría da Asociación, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da asemblea.

Artigo 16. Constitución e quórum de convocatoria

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas presentes ou representadas, na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

A Asemblea Xeral poderá convocar, constituír, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial ou a distancia.

Nas sesións que se celebren a distancia, as persoas participantes poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose como tales os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre elas en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Nas reunión a distancia, os acordos entenderanse adoptados na sede da Asociación.

Artigo 17. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria

Serán competencias da asemblea xeral ordinaria:

- Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.
- Examinar e aprobar as cotas ordinarias e, se for o caso, extraordinarias das persoas asociadas, a proposta da Xunta Directiva.

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



- d) Elixir e cesar as persoas integrantes da xunta directiva.
- e) Aprobar a incorporación ou separación a unha federación.
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
- g) Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación.
- h) Ratificar a admisión e baixa de asociadas e asociados.

Artigo 18. Facultades da asemblea xeral extraordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da Asociación, incluído o cambio de domicilio.
- b) Acordar a transformación da Asociación.
- c) Acordar a fusión da Asociación.
- d) Acordar a disolución da Asociación e designar as persoas liquidadoras.
- e) Acordar a disposición ou alleamento, gravame ou hipoteca dos bens sociais.
- f) As que sendo competencia da Asemblea Xeral ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.
- g) Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 19. Adopción de acordos.

1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

2. Será necesaria a maioría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade das persoas presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos:

- a) Designación de membros da Xunta Directiva.
- b) Acordo para constituír federacións e para integrarse ou separarse delas.
- c) Disolución da Asociación.
- d) Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
- e) Disposición, alleamento, gravame ou hipoteca de bens.

3. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso as non asistentes.

Artigo 20. A Xunta Directiva: Composición

1. A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.

Estará formada por un mínimo de tres membros (que coincidirán con quen ostenten os cargos da presidencia, secretaría e tesourería da Asociación) e un máximo de doce membros designados pola Asemblea Xeral entre as persoas asociadas maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís que non estean incursas en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.

2. A duración do seu mandato será de dous anos, podendo ser obxecto de sucesivas reeleccións.



3. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.

4. Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función por:

- Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico.
- Resolución xudicial.
- Renuncia voluntaria.
- Perda da condición de persoa asociada.
- Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
- Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á elección da nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións ata a designación das novas persoas titulares.

5. De producirse vacantes na Xunta Directiva, estas serán desempeñadas provisoriamente polas restantes persoas integrantes, ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

Artigo 21. Reunións e acordos

1. A Xunta Directiva será convocada pola presidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

2. Para estar validamente constituída deberán estar presentes, a metade máis un dos seus membros e, en todo caso, as persoas titulares da presidencia e a secretaría ou as persoas que as substitúan.

3. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos das asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade da Presidencia.

4. A Xunta Directiva poderase convocar, constituír, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial ou a distancia.

Nas sesións que se celebren a distancia, as persoas titulares da xunta directiva poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose como tales os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre elas en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Nas reunión a distancia, os acordos entenderanse adoptados na sede da asociación.

5. A Xunta Directiva reunirase cunha periodicidade mínima dunha vez cada catro meses.

Artigo 22. Facultades da Xunta Directiva

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- Programar e dirixir as actividades asociativas.
- Levar a xestión administrativa e económica da Asociación.
- Executar os acordos da Asemblea.
- Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- Convocar e fixar as datas das Asembleas.
- Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.



- g) Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- h) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
- i) Resolver as solicitudes de ingreso das persoas asociadas.
- j) Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- k) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

Artigo 23. Obrigas documentais

A Asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as persoas asociadas:

- a) Unha relación actualizada de persoas asociadas.
- b) Documentación contable que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.
- c) Inventario dos seus bens.
- d) Libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

Artigo 24. Presidente/a

A persoa titular da presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos.
- c) Ordenar a execución dos acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da Asociación xunto coa persoa que ostenta a secretaría ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

2. A persoa titular da presidencia, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da xunta directiva designado entre os presentes.

Artigo 25. Secretario/a

1. A persoa titular da secretaría terá as seguintes atribucións:

- a) Tramitar as solicitudes de ingreso na Asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.
- b) Dirixir as actividades sociais e a administración da asociación.
- c) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes
- d) Expedir certificacións dos acordos co visto e prace da presidencia, así como emitir informes.
- e) Redactar o inventario de bens da Asociación.
- f) Custodia do arquivo de libros e documentos da Asociación.



g) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.

2. A persoa titular da secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola Presidencia.

Artigo 26. Tesoureiro/a

1. A persoa titular da tesourería terá as seguintes atribucións:

- Recadar e custodiar os fondos pertencentes á Asociación, custodialos e investilos na forma acordada pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e conforme da presidencia.
- Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a presidencia.
- Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación.
- Levar os libros de contabilidade da Asociación e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola Asemblea.
- Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico financeira da asociación.

Artigo 27 Vogais

Terán as obrigas propias do seu cargo, e aquelas outras que lles sexan encomendadas, tales como realizar programas e estudos con carácter xeral ou en áreas de actuación determinadas.

CAPÍTULO IV.- RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28. Patrimonio inicial

A Asociación no momento de iniciar as súas actividades carece de patrimonio. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural, e terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

Artigo 29. Recursos económicos

A Asociación manterase dos seguintes recursos:

- As cotas periódicas das persoas asociadas.
- As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
- As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.
- Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 30. Contas anuais

1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da Asociación, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a súa aprobación en Asemblea.

2. A Xunta Directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da Asociación.

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE MARTINEZ DE LLANO ROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04



Artigo 31. Destino de ingresos a fins da asociación

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación. En ningún caso, estes beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

CAPÍTULO V.- DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 32. Regulamento de réxime interno

Por acordo da Asemblea Xeral pode aprobarse un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

O funcionamento interno da Asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI.- DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 33. Disolución

A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- Por acordo adoptado por maioría cualificada en Asemblea Xeral extraordinaria.
- Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- Por sentenza xudicial firme.
- Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

Artigo 34. Liquidación

- Acordada a disolución da Asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.
- As persoas membros da Xunta Directiva no momento da disolución convértense en liquidadoras, salvo designación expresa de liquidadoras pola Asemblea Xeral ou por autoridade competente.
- Corresponde as persoas liquidadoras:
 - Velar pola integridade do patrimonio da Asociación.
 - Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
 - Cobrar os créditos da Asociación.
 - Liquidar o patrimonio e pagar as persoas acreedoras.
 - Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.
 - Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrals.
- Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE MARTINEZ DE LLANO ROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04



En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

En _____, a _____ de _____ de _____

(Sinatura de todas as persoas promotoras da asociación)

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/a do contido da proposición sométese a votación ordinaria a ratificación sobre a urxencia da mesma co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (10 PP, 5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus vinteún membros de dereito ratificar a urxencia da proposición da Alcaldía transcrita.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sométese a proposición da Alcaldía a votación ordinaria co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (10 PP, 5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus vinteún membros de dereito aprobala proposición da Alcaldía transcrita sobre **“CONSTITUIR E ADHERIRSE Á ASOCIACIÓN COMUNIDADE ENERXÉTICA DE RIBEIRA”**, quedando en consecuencia, convertida en acordo en todos os seus termos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión ás 14 horas e 50 minutos do día da data do que eu, como Secretario en funcións dou fe e certifico.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770
Fecha: 02/10/2024
Hora: 16:04

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8



O alcalde-presidente

O secretario xeral en funcións

Asdo. Luis Antonio Pérez Barral

Asdo. José Martínez de Llano Orosa



La autenticidad de este documento
se puede comprobar con el código
07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-TAG URBANISMO - 02/10/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE -
02/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/10/2024 16:04:33

DOCUMENTO: 20241405770

Fecha: 02/10/2024

Hora: 16:04

CSV: 07E80015734A00P8Q0V2F1O1C8

